



SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN (SAI)
Universidade da Coruña
Edificio Servizos Centrais de Investigación
Campus de Elviña, s/n - 15071 A Coruña



F-SAI-01-G-g
Edición 2

Páxina 1 de 2

SOLICITUDE DE ANÁLISE DE TÉCNICAS CROMATOGRÁFICAS

UNIDADE DE TÉCNICAS CROMATOGRÁFICAS (UTC)

ESPAZO RESERVADO PARA OS SAI

Data de entrada:	<input type="checkbox"/> Correo
Recibido:	<input type="checkbox"/> Achégase carta
Situación:	
Rexeitamento (motivo e sinatura):	
Informe:	Data de análise:

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos:	Código de usuario:
Departamento/institución/empresa:	
Teléfono:	Extensión:
Correo electrónico:	Asdo.:

FORMA DE PAGAMENTO

N.º de aplicación orzamentaria (só usuarios da UDC):	N.º de orzamento (se o tiver):		
Datos fiscais (se son distintos dos que foron indicados na alta de usuario)			
Entidade:	CIF:		
Enderezo:	Localidade:	Provincia:	C.P.:

RESULTADOS e DEVOLUCIÓN DE MOSTRAS

Forma de envío dos resultados:	<input type="checkbox"/> Correo postal	<input type="checkbox"/> Correo electrónico	<input type="checkbox"/> Ambos
Devolución das mostras (por cargo da persoa solicitante):	<input type="checkbox"/> Si	<input type="checkbox"/> Non	(as mostras conservaranse 6 meses desde a emisión do informe)

OBSERVACIÓNS

--

ANÁLISES SOLICITADAS e DATOS DAS MOSTRAS

Laboratorio:	<input type="checkbox"/> HPLC	<input type="checkbox"/> GC	<input type="checkbox"/> GC-MS	Indique o n.º total de mostras que entrega:
<input type="checkbox"/> Método instrumental:				
<input type="checkbox"/> Analítica completa:				

IDENTIFICACIÓN DAS MOSTRAS

N.º SAI	Nome	Datos específicos da mostra

NOTA: NON SE ACEPTARÁ NINGUNHA MOSTRA QUE NON CUMPRE COS REQUISITOS ESTABLECIDOS.

Para mostrás adicionais, empregue o número de copias desta páxina que for preciso e indique o número de páxinas que entrega: ____ .

REQUISITOS PARA O ENVÍO DE MOSTRAS

Requisitos xerais

- Todas as mostras deberán ir acompañadas da súa correspondente solicitude.
- Todas as mostras deberán ir adecuadamente etiquetadas cun nome asignado polo usuario, que debe ser coincidente co que figura na folla de *solicitude de análises*.
- O nome das mostras debe estar escrito de forma clara e indeleble.
- As mostras entregaranse no rexistro dos SAI.

Preparación da mostra

- De forma xeral, coas mostras destinadas a unha análise de compostos orgánicos deberase evitar calquera contacto con materiais plásticos, baquelitas e/ou siliconas.
- As mostras acuosas que se destinaren a un procedemento de análise completa (con preparación de mostra) deberán estar envasadas en recipientes de vidro con tapón do mesmo material ou, no seu defecto, con tapóns de plástico con septum laminado en teflón ou selo de papel de aluminio.
- As mostras acuosas deberán acidificarse con HCl ata un $\text{pH} < 2$.
- As mostras acuosas deberán recollese sen espazo de cabeza. O volume de mostra necesario mínimo é de 1L, excepto naquelas destinadas a análises de compostos orgánicos volátiles (COV) en augas PT-GC-MS, en que será de 100 mL. No caso de dispor dun volume menor de mostra, deberase consultar co técnico responsable da unidade.
- As mostras sólidas que se destinaren a un procedemento de análise completa (con preparación de mostra) deberán estar envasadas en recipientes de vidro con tapón do mesmo material ou, no seu defecto, con tapóns de plástico con septum laminado en teflón ou selo de papel de aluminio. Tamén se admiten mostras en recipientes de aluminio.
- A cantidade de mostra mínima necesaria para cada análise completa, no caso de mostras sólidas, será indicada polo técnico responsable da unidade.
- A unidade faise responsable da conservación das mostras desde o momento da súa entrada nos SAI. A conservación anterior e o estado no momento da admisión é responsabilidade do usuario. Os SAI resérvanse o dereito de rexeitaren mostras que se encontraren en mal estado.

Cromatografía líquida de alta eficacia

- Os usuarios que desexaren enviar extractos preparados para a súa análise por HPLC deberán utilizar viais colectores de vidro con tapóns de plástico ou aluminio con septum laminado en teflón para evitar contaminacións da mostra por plásticos e/ou siliconas. Tamén se admitirán tubos eppendorf.
- O usuario deberá indicar no concepto *observacións* da folla de *identificación de mostras* o disolvente empregado. O volume mínimo necesario será de 1 mL. No caso de dispor dun volume menor de mostra, deberase consultar co técnico responsable da unidade.

Cromatografía de gases e gases-masas

- Os usuarios que desexaren enviar extractos preparados para a súa análise por GC ou GC-MS deberán utilizar viais colectores de vidro con tapóns de plástico ou aluminio con septum laminado en teflón para evitaren contaminacións da mostra por plásticos e/ou siliconas.
- As mostras e/ou extractos envasados en recipientes de plástico ou con tapóns que non cumpriren as condicións anteriormente mencionadas non serán admitidas.
- O usuario deberá indicar no concepto *observacións* da folla de *identificación de mostras* o disolvente empregado. O volume mínimo necesario será de 100 μL . No caso de dispor dun volume menor de mostra, deberase consultar co técnico responsable da unidade.